

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 14 de marzo de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Santiago Domínguez Olveira

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.05 horas do día catorce de marzo de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(302).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria de 4 de marzo de 2011 .Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(303).- PROXECTO DE CONVENIO COA FUNDACIÓN MENELA, PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE “RESPIRO FAMILIAR” DIRIXIDO A FAMILIAS OU COIDADORES HABITUAIS DE PERSOAS DISCAPACITADAS. EXPTE. 59250/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da técnica de Actividades Económicas, do 13.01.2011, conformado polo xefe de área de Benestar Social, co informe do letrado asesor do 25.02.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 4.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aproba-la concesión dunha subvención directa á Fundación Menela, con CIF: G36685964, por un importe total de 30.000 euros, con cargo á partida 2310.4890009 – Covenio Fundación Menela-.

2º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa Fundación Menela, colaboradora co Departamento de Benestar Social, para o financiamento dun programa de “Respiro Familiar” dirixido a familias ou cuidadores habituais de persoas afectadas por algunha discapacidade.

3º.- Aprobar o gasto total de 30.000 euros a favor da Fundación Menela, con CIF: G36685964, con cargo á partida 2310.4980009 –Convenio Fundación Menela-, correspondendo a cantidade de 15.000 euros ao orzamento de 2011, e 15.000 euros ao orzamento de 2012, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da Fundación Menela no orzamento de dito ano.

CONVENIO DE COLABORACION COA FUNDACION “MENELA”

Vigo, ____de _____de 2011

REUNIDOS

Dunha parte Dª María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra parte Don Cipriano Luís Jiménez Casas, con DNI 35195099-Q, en calidade de Secretario da Fundación Menela, cif. G36685964, con enderezo a efectos de notificación na rúa Marqués de Alcedo, nº 19, C.P. 36203 Vigo, e co teléfono 902.505.508, e en representación desta segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas

Tendo daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I- Que a “Fundación Menela ten como obxectivo a realización, sen ánimo de lucro, do fomento e prestación de todo tipo de axudas ó estudo, investigación, promoción e asistencia, nos aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais, de rehabilitación e integración e calquera outro de

semellante natureza , ás persoas que sufran enfermidade ou marxinación social, mais especialmente ós enfermos con discapacidade mental, psíquica ou física, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando deste xeito mellorar a súa calidade de vida, desenvolvemento humano, mellorar o seu entorno social e familiar e fomentar accións cara a atención destas persoas por calquera Institución u Organismo público ou privado. A finalidade deste convenio consiste na subvención da actividade a realizar pola Fundación Menela, que baixo o nome de “Respiro familiar”, presta un servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisen dispoñer puntualmente de tempo libre para atender compromisos de traballo, celebracións sociais, ocio, actos culturais, citas médicas, etc. O servizo consiste en estanzas de corta duración (entre 1 e 3 días) das persoas discapacitadas no edificio Cami da Fundación Menela, onde ademais das actividades de autovalimento, aseo, alimentación, etc, realízanse tamén actividades lúdicas, sesións de cine, etc.

II- O concello de Vigo e coñecedor da existencia dun colectivo de persoas que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, este recurso e un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais (os de poboación superior a 20.000 habitantes).

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto.1 di: O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí : Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública. Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que

representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é prestar un servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisen dispoñer puntualmente de tempo libre para atender compromisos de traballo, celebracións sociais, ocio, actos culturais, citas médicas, etc. O servizo consiste en estanzas de corta duración (entre 1 e 3 días) das persoas discapacitadas no edificio Cami da Fundación Menela, onde ademais das actividades de autovalimento, aseo, alimentación, etc, realízanse tamén actividades lúdicas, sesións de cine, etc.

IV- Que a entidade “Fundación Menela” non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Fundación Menela, o Concello de Vigo e a dita Fundación Menela, convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

P A C T O S

Primeiro.-

A entidade Fundación Menela comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo co programa de “Respiro Familiar” dirixido a familiares ou cuidadores de persoas afectadas por algunha discapacidade, e concretamente a:

Facilitar estanzas de corta duración (no edificio Cami da Fundación Menela, ubicado na rúa laxe nº 3) a persoas con discapacidade, de idades comprendidas entre os 3 e os 50 anos, empadroados no Concello de Vigo, e que fagan a aportación correspondente, que poden ser como mínimo de un día ata un máximo de tres preferentemente na fin de semana; os casos urxentes atenderanse calquera día da semana ata un máximo de seis días. O número máximo de usuarios por estanza é de catro persoas, atendidos por dous profesionais cualificados que permiten garantir ás familias a prestación dos servizos, podendo contar co servizo de voluntariado se fose preciso.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade Fundación Menela unha subvención para o exercicio 2011 por importe de 15.000 euros co obxecto de levar a cabo o programa de “Respiro Familiar” dirixido a familiares ou cuidadores de persoas afectadas por algunha discapacidade. Este contrato estará suxeito á lexislación vixente sen que en ningún caso, supoña unha relación laboral co Concello de Vigo. Para o ano 2012, o importe da subvención a conceder será de 15.000 euros.

O programa levarase a cabo durante todo o ano 2011 e 2012, ata esgotar o importe total da subvención anual.

O custo da estanza por usuario e día no programa de “Respiro familiar” ascende a 163,72 euros, incluíndo manutención, aloxamento e retribución a monitores. A aportación do usuario do servizo será de 35 euros por persoa e día, e a aportación da Concellería de Benestar Social será de 128,72 euros por persoa e día. Os gastos individuais nas saídas de socialización correrán á conta do beneficiario (cafetería, compras...)

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Este programa de “Respiro Familiar” é cofinanciado pola Concellería de Benestar Social e os beneficiarios do mesmo.

Polo período de vixencia do convenio, o Exmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 30.000,00€, dos que 15.000 euros irán con cargo, partida 2310.4890009, do exercicio 2011 e 15.000 euros con cargo ao exercizo de 2012.

Os pagamentos correspondentes a cada un dos anos de vixencia do convenio, 2011 e 2012, efectuaranse do seguinte xeito:

- a) No ano 2011, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2012, o 50% da cantidade anual, nos tres primeiros meses do ano. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- b) O 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro de cada un dos anos, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Quinto.-

Para a participación no programa, as solicitudes debidamente cumprimentadas, coa súa documentación, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, cunha antelación mínima de 1 semana. A documentación que deberán acompañar será a seguinte:

♦**Fotocopia do DNI da persoa con discapacidade para a que se solicita o servizo.**

♦**Ficha de datos (cuberta e asinada) segundo o modelo adxunto.**

No caso de que as solicitudes superen o número de estanzas permitidas para a fin de semana, a selección farase por “renta per cápita”, tendo preferencia as de menor contía, excepto as que a Traballadora Social considere como urxencias, que terán prioridade sobre as demais.

Considérase urxencia cando se solicita o servizo por enfermidade grave ou hospitalización do coidador principal da persoa con discapacidade, ou situación análoga. Nos casos urxentes a estancia poderase prorrogar ata un máximo de 6 días.

Sexto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social.

Oitavo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión creárase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas da Fundación Menela e dous técnicos deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos Sociais.

Noveno.-

A Fundación Menela comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Décimo.-

A Fundación Menela poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Décimo primeiro.-

Para a xustificación do ano 2011, a beneficiaria, antes do 31 de xaneiro de 2012 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. Para o ano 2012, a xustificación deberá realizarse ata o 31 de xaneiro do ano 2013. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados; procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 - b) Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.
 - c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - d) Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.
 - Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo segundo.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo terceiro.-

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

Décimo oitavo.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

3(304).- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DE CEDRO E AS UBAS DE BENESTAR SOCIAL, COS PREGOS DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES E O DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS. APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 56120/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Benestar Social, do 21.02.2011, conformado pola concelleira delegada da área, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 9.03.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 1.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aproba-lo expediente de contratación do servizo de vixilancia de CEDRO e as UBAS de Benestar Social, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 7 de xuño de 2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 1 de decembro de 2010.

2º.- Aproba-lo gasto de 134.591,19 euros, para a contratación do servizo de vixilancia de CEDRO e as UBAS de Benestar Social, que se imputará á partida 3133.2270100 contratación servizo de seguridade e súa bolsa de vinculación, non afectando ao normal funcionamento do departamento, e de acordo coa seguinte distribución:

ano 2011: 44.863,73€
ano 2012: 67.295,60€
ano 2013: 22.431,86€

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

4(305).- CESIÓN A FAVOR DA SOCIEDADE APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA S.L., DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS NO PRZA. FERNANDO EL CATÓLICO, VENEZUELA E RÚA CORUÑA. EXPTE. 19083/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da área de Réxime Interior e do xefe de Patrimonio, do 8.03.2011, conformado polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).

- RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público (LCSP).

Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

- D 17 xuño de 1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A entidade APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA SL, mediante escrito de data 4 de novembro do 2010, solicita autorización municipal pola que se aprobe a cesión da concesión administrativa para a construción e explotación dos aparcamentos subterráneos sites na Praza de Fernando el Católico, Rúa Venezuela e Rúa Coruña, que lle foi adxudicada por Auto xudicial do 17 de xuño do 2010, ditado polo Xulgado de 1ª Instancia nº 9 de Vigo, no Xuízo Cambiario 0000714/2007 seguido contra INMONUAR SL, Manuel Nuñez Arias e CONYCASE SL.. Igualmente solicita a constitución de hipoteca sobre a mesma.

A solicitante achega co seu escrito diversa documentación (complementada por outra posterior de data 5-11-2010, 15-11-2010 e 25-11-2010) para a acreditación da solvencia requirida no prego de condicións administrativas que rexe a concesión.

SEGUNDO.- O servizo de contratación emite informe, o 29 de novembro do 2010, referente á documentación achegada pola solicitante, e, ao respecto, sinala: *Da documentación presentada se acredita a capacidade de obrar e a solvencia económica financeira e técnica. Respecto da acreditación das solvencias se acolle a posibilidade do artigo 52 da LCSP de acredita-la con medios externos, incorporando na documentación presentada unha carta de compromiso neste sentido da entidade Isolux Corsan Aparcamientos, S.L. E Invertaresa S.L. Presenta así mesmo declaración xurada de non incorrer en prohibicións para contratar e certificacións positivas de non ter débedas coa Seguridade Social, Axencia Tributaria e Xunta d Galicia. Queda pendente a obtención deste certificado respecto do concello de Vigo.*

TERCEIRO.-O Tesoureiro municipal informou en data 22 de decembro do 2010 das débedas que a concesionaria Conycase SL mantén coa facenda municipal deste Concello derivadas da concesión administrativa dos aparcamentos públicos da Praza de Fernando el Católico, Rúa Venezuela e Rúa Coruña. Así mesmo informa que de acordo co previsto na LXT, considera que no suposto de que unha persoa ou entidade se faga, en virtude de poxa pública, coa titularidade dunha concesión administrativa outorgada polo Concello para a explotación dos aparcamentos, deberá facerse cargo das débedas contraídas polo anterior titular, posto que a totalidade das débedas pendentes a cargo de CONYCASE derivan directamente do exercicio da devandita actividade. Por outra banda fai a observación que o Concello de Vigo ten inscritas no Rexistro da Propiedade nº 1 e 5 de Vigo , sendas dilixencias de embargamento da devandita concesión administrativa, e do seu dereito de prelación para o cobro das débedas.

Con data de 23 de decembro do 2010, expídese polo Tesoureiro certificación con carácter positivo, aos efectos do previsto na LCSP, a favor de APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA SL relativo ao cumprimento das obrigas tributarias.

CUARTO.- Dado traslado da solicitude presentada, a entidade concesionaria CONYCASE SL, presentou no prazo outorgado ao efecto, alegacións solicitando a denegación da petición formulada por APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA SL estimando que se dan dous motivos que a invalidan: A falta de autorización expresa polo Concello para poder allear ou gravar bens afectos á Concesión,

de acordo cos art. 128.4º do RSCL e art. 3º y 4º do Prego de condicións, ao terse establecido un gravame mediante a constitución dun aval ou garantía sobre os mesmos para responder dunha débeda dun terceiro; e a infracción do art. 7 do prego de condicións pola cesión dos dereitos concesionais, por dúas veces, no procedemento xudicial no que resultou adxudicatario a solicitante, sen que mediara a previa anuencia do Concello.

QUINTO.- A solicitante, APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA SL, formula alegacións en data 8 de febreiro do 2011, no que sinala respecto ao alegado pola concesionaria que: A execución forzosa da concesión dos aparcamentos non deriva da execución dunha garantía o gravame constituído sobre a concesión, senón da constitución dunha fianza ou garantía persoal outorgado por CONYCASE SL e consistente nun aval dun título cambiario, polo que non require de autorización do concello ao non tratarse dun gravame sobre a concesión senón da asunción dunha obriga persoal; No que se refire á falta de previa anuencia do Concello para a cesión dos dereitos do concesionario á un terceiro, considera que o expediente que se tramita ten por obxecto a solicitude de autorización para que se produza a transmisión da concesión, ao terse producido unha transmisión forzosa por imperativo xudicial e de natureza civil da concesión que require da autorización do Concello para a transmisión administrativa da mesma, sen que estime que concorran unha dobre transmisión da concesión senón unha soa, existindo un solo Auto de adxudicación outorgado a favor desa entidade de acordo coa facultade que a LEC recoñece para poder ceder o remate da puxa.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

PRIMEIRO.- De acordo cos datos obrantes neste departamento, a sociedade CONYCASE SL é titular dos dereitos da concesión administrativa para a construción e explotación dun estacionamento para vehículos automóbiles na Praza de Fernando el Católico, Rúa Venezuela e Rúa Coruña, desta cidade de Vigo, adquiridos mediante cesión de VIGO PARKING SA. autorizada polo Pleno municipal en sesión do 17 de novembro do 1997 e 30 de agosto de 1999.

SEGUNDO.- A sociedade APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA SL solicita autorización administrativa aprobando a cesión dos dereitos concesionais que lle foron adxudicados por Auto xudicial de data 17 de xuño do 2010 nun procedemento cambiario seguido contra a actual concesionaria.

Na tramitación dese procedemento cambiario, solicitouse polo Xulgado de 1ª Instancia nº 9 de Vigo información ao Concello das condicións que gravan a concesión e as que se debería ter en conta para a súa subhasta, respostándose por esta, mediante informe de data 17.10.2008 sobre o prego de condicións polo que se rexe a concesión administrativa facéndose mención: a necesidade de autorización administrativa para a cesión dos dereitos concesionais; a facultade do Concello para poder declarar a caducidade ou rescate da concesión, nos supostos regulados; e doutras cuestións como de que se trata dunha concesión administrativa de servizo público que ten por obxecto a construción e explotación de tres aparcamentos, outorgada a un único concesionario para o conxunto dos mesmos. En relación a esta derradeira característica emitíuse informe ampliatorio o 25.02.2009, a petición do xulgado, incidindo que é unha única concesión administrativa e citábase o precedente dunha subhasta da concesión levada a cabo pola Axencia Tributaria de Ourense no que adxudicou a concesión a un terceiro respecto solo dun dos aparcamentos, sendo conseguintemente denegada con posterioridade polo Concello a autorización interesada polo adxudicatario, ao supoñer dita

adxudicación un fraccionamento do réxime concesional vixente (A.Plenario do 28.01.2002, confirmado por sentenza do TSXG de data 7.12.2005).

Finalmente, o Xulgado comunicou ao Concello en data 30/07/10 a Resolución do 17 de xuño do 2010 da adxudicación a favor da solicitante das concesións administrativas do que era titular Conycase SL, e da firmeza desa resolución xudicial.

TERCEIRO.- Por outra banda, a concesionaria nas súas alegacións plantexa un incumprimento das normas que rexen a concesión administrativa, ao considerar que se estableceu un gravame e se efectuou a transmisión da concesión sen que mediara autorización do Concello, para opoñerse a que se outorgue a autorización solicitada pola interesada.

Ditos incumprimentos, no suposto de que trala tramitación do correspondente procedemento administrativo contradictorio se chegara a considerar que concorren, sería causa de declaración de caducidade da concesión quedando, de acordo co previsto no prego de condicións, os aparcamentos de propiedade do Concello sen dereito a indemnización a prol do concesionario, pero trataríase en calquera caso dunha declaración adoptada con posterioridade ao auto xudicial que adxudicou eses dereitos concesionais a un terceiro coa conseguinte perda dos mesmos polo actual concesionario.

No obstante, co presente expediente non se tramita un procedemento de declaración de caducidade, senón unha solicitude de autorización de cesión da concesión, polo tanto, ten por obxecto a comprobación de se concorren ou non as condicións subxectivas e obxectivas esixidas pola normativa reguladora para seu outorgamento, e conseguintemente sobre a pertinencia da solicitude formulada.

Procede sinalar, como ven a manifestar a entidade solicitante no seu escrito referenciado nos antecedentes, que o concesionario mediante dito aval, outorga unha garantía persoal pola que responde da obriga garantida, de igual xeito que o avalado, co seu patrimonio. Polo tanto, ditos dereitos concesionais na medida que forman parte dese patrimonio, están expostos e poden resultar afectados, ao igual que o conxunto dos demais bens que o integran, da garantía prestada ou de calquera outra obriga que no desenvolvemento da actividade propia da sociedade, teña que facer fronte. Neste senso, a propia concesionaria nun escrito dirixido a esta Administración en data 12/11/2008 respondendo ao requirimento de información que lle foi feito a teor do embargo da concesión administrativa que comunicou o Xulgado de 1ª Instancia nº 9 de Vigo no procedemento cambiario referido, informou que “ Debemos manifestar que esa deuda no ha sido generada por la explotación de la concesión, ni por la empresa, sino que es producto de una garantía que ha dado a un socio, estando prácticamente solucionado el problema y será el responsable de la deuda el que la satisfaga, liberando a la fiadora, teniendo aquél medios suficientes para hacerlo, pero en su defecto tiene medios la Concesionaria para zanjar este tema y que no tenga mayor transcendencia ni menoscabo para la concesión.”

Suposto que se semella distinto ao precedente referido pola concesionaria respecto a unha solicitude anterior de subrogación do aparcadoiro subterráneo da R/Coruña formulada en virtude dun acta de adxudicación nun expediente de recadación da Axencia Tributaria de Ourense. O pleno municipal denegou dita cesión (acordo de data 28 de xaneiro do 2002) ao supoñer *un fraccionamento do réxime concesional vixente* (tratábase dunha única concesión administrativa sobre tres aparcamentos), e facíase mención a unha hipoteca constituída unilateralmente sen autorización municipal. Neste caso, a constitución dunha hipoteca sobre a concesión administrativa supón o

establecemento dun gravame sobre ditos dereitos, resultando estes directa e inmediatamente suxeitos ao cumprimento da obrigaón para cuxa seguridade fora constituída (art. 1876 CC), polo que require da previa autorización municipal, na que a normativa de aplicación fixa límites para a súa concesión (prazo, obxecto, etc.), dada a obriga de reversión dos bens ao remate da concesión libres de cargas ou gravame (art. terceiro e cuarto do Prego de condicións, art.98.2 LPAP e 128 do RSCL).

CUARTO.- A transmisión ou cesión dos dereitos concesionais está prevista no art. sétimo do prego de condicións xurídicas, técnicas e económicas que rexen dita concesión, aprobados por acordo plenario do 30.11.1987 (modificado por acordos do 20.01.1988 e 30.06.1988), no que se sinala: CESION DE DEREITOS. Será admisible a renovación por cesión de dereitos do concesionario a outra persoa natural ou xurídica, debendo o novo concesionario reunir, a xuízo do Concello, condicións e garantías análogas ás esixidas ao adxudicatario previa anuencia da Corporación.

Así mesmo o art. 209 da LCSP, establece que os dereitos e obrigaóns dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario á un terceiro sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato, e o cumprimento de determinados requisitos.

QUINTO.- No presente caso, a transmisión forzosa deses dereitos concesionais, aínda que poida traer causa dunha actuación voluntaria e unilateral da propia concesionaria, avalando unhas débedas dun terceiro fronte á entidade Inmogestora Hispánica del Suelo SL, promotora do devandito procedemento cambiario que rematou coa adxudicación dos dereitos concesionais á actual solicitante, son feitos cuxos efectos non poden ser ignorados pola administración en canto inciden sobre a titularidade da concesión administrativa para a xestión dun servizo público municipal.

Se ben, cando dunha cesión voluntaria de dereitos trátase, son os propios intervenientes (cedente e cesionario) os que comparecen conxuntamente ante a administración interesando a correspondente autorización para a cesión, procedendo seu outorgamento unha vez comprobado o cumprimento das condicións esixidas pola normativa de aplicación, e formalizándose en escritura pública (art. 209.2.d) LCSP); en casos como o presente, nos que se trata dunha transmisión forzosa dos dereitos derivado dun procedemento xudicial entre particulares no ámbito do dereito privado no que non foi parte esta Administración, haberá que estar ao que da resolución xudicial resulte, e, no seu caso, a posterior solicitude de autorización administrativa que deberá formular o adxudicatario ante a Administración, ao ter por obxecto a transmisión duns dereitos reais administrativos, para poder facer un pronunciamento, en vía administrativa, sobre a procedencia ou non do seu outorgamento, e conseguintemente o recoñecemento e ratificación pola administración titular do servizo público, da validez e eficacia desa transmisión no marco da concesión administrativa.

SEXTO.- Por todo o que antecede, nas actuais circunstancias, no que se ten ditada unha resolución xudicial firme o 17 de xullo do 2010 polo Xulgado de 1ª Instancia nº 9 de Vigo aprobando a adxudicación a favor de APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA S.L. das concesións administrativas para a construción e explotación de tres aparcamentos subterráneos situados nas rúas Coruña, Venezuela e Fernando el Católico, cuxo titular era CONYCASE SL, e unha vez que a adxudicataria interesa o outorgamento da correspondente autorización administrativa aprobando dita cesión da concesión, podéndose estimar que concorren as condicións esixidas sobre capacidade de obrar e a solvencia económica financeira e técnica, e que non incorre en suposto de prohibición para contratar

co sector público (segundo resulta do informe do servizo de contratación 29/11/2010), resulta pertinente autorizar a transmisión dos dereitos concesionais á solicitante, quen quedará subrogada na totalidade dos dereitos e obrigas contractuais.

En canto á solicitude de constitución de hipoteca sobre a concesión, debera ser obxecto de tramitación noutro procedemento, unha vez sexa autorizada a cesión e de acordo co previsto ao efecto no prego de condicións e demais normativas de aplicación.

SETIMO.- Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta do Goberno Local, de conformidade co disposto na Disposición adicional segunda da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público.

Por todo-lo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar a cesión, a favor da sociedade APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA S.L., da concesión administrativa para a construción e explotación dos aparcamentos subterráneos sitos na Praza de Fernando el Católico, Rúa Venezuela e Rúa Coruña desta cidade, que lle foi adxudicada por Auto xudicial de data 17 de xuño do 2010 ditado polo Xulgado de 1ª Instancia nº 9 de Vigo, de acordo e con plena suxeición ao prego de condicións xurídicas, técnicas e económicas que o rexe.

2º.- APARCAMIENTOS IC GOMEZ ULLA S.L. deberá, nun prazo de trinta días dende a notificación do presente acordo, inscribir no Rexistro da Propiedade ao seu nome a concesión administrativa, acreditándoo ante esta Administración nos dez días seguintes ao remate deste.

3º.- Que pola Concellería delegada de Mobilidade, Transportes e Seguridade, se proceda ao control e seguimento da presente cesión, ditando as ordes e instrucións, e adoptando as medidas necesarias para a correcta sucesión na titularidade da concesión administrativa e na prestación do servizo público.

4º.- Dar traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral, Tesourería e demais servizos municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(306).- APROBACIÓN INICIAL DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO APARCADOIRO E LOCAIS COMERCIAIS NO SUBSOLO DA PRZA. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO. EXPTE. 3564/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, do 9.03.2011, conformado polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

-Aprobar inicialmente el Pliego de cláusulas administrativas particulares que regirá la adjudicación directa de la concesión demanial para la gestión y explotación del aparcamiento y locales comerciales en el subsuelo de la plaza de Don Francisco Fernández del Riego, en Vigo de conformidad con el texto elaborado por el Xefe da Área de contratación e Novos Proxectos.

-Exponer al público durante el plazo de un mes el expediente de contratación y el Pliego aprobado inicialmente, mediante anuncio en el Perfil del contratante del Concello y en el Boletín Oficial de la Provincia, a los efectos de presentación de reclamaciones, y de acuerdo con lo establecido en la cláusula IV del Pliego.

-Solicitar, durante el cumplimiento del trámite de exposición pública, los correspondientes y sucesivos informes exigidos en los apartados 7 y 8 de la Disposición Adicional Segunda de la Ley 30/2007 de 30 de diciembre, del Titular de la Asesoría Jurídica o de la Secretaria Xeral do Pleno, en el supuesto de ausencia o enfermedad de aquel, y de la Intervención Xeral

-Solicitar a PRAZADOURO, S.L., tras la información pública del Pliego, la presentación, el plazo de diez días naturales, de la oferta para la adjudicación directa de la concesión, con la aportación de los documentos exigidos en el Pliego (Cláusulas XIV a XVII).

6(307).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO. EXPTE. 19087/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 9.02.2011, conformado pola concelleira de Contratación, co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización do 7.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.-Aprobar a revisión ordinaria do contrato de mantemento e conservación do alumeado público, adxudicado a empresa Imes-api, por acordo da XGL de 23 de xaneiro de 2006, quedando este establecido a partir do 1 de maio de 2010 a 30 de abril de 2011 na cantidade de 1.809.407,41 euros/ano.

2º.- recoñecer a empresa adxudicataria en concepto de atrasos dende o 1 de maio de 2010 a 31 de decembro de 2010 a cantidade de 33.862,61 euros.

3º.- O gasto anterior poderá imputarse a partida presupostaria 16502279903.

7(308).- RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITO A LINORSA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 19135/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 23.02.2011, conformado polo concelleiro de Patrimonio, e co informe do Interventor Xeral do 3.03.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar en concepto de indemnización substitutiva a empresa Limpiezas del Noroeste S.A., en concepto de indemnización substitutiva, polo servizo de limpeza en centros municipais perante o mes de xaneiro de 2011, a cantidade de 168.577,76 que se imputarán a partida presupostaria 9220.2270000.

8(309).- REVISIÓN DE TARIFAS DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DE ZARAGOZA-VALLE INCLÁN. EXPTE. 19127/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 17.02.2011, conformado polo concelleiro de Patrimonio, e co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización do 4.03.2011, conformado polo Interventor Xeral na mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a revisión das tarifas do aparcadoiro situado entre as rúas Zaragoza – Valle Inclán, transmitida a cesión da Explotación a entidade mercantil “Consulting servicios Bayona, S.L.”, por acordo da XGL de 8 de outubro de 2008 , fixando as tarifas revisadas a partir do

1 de xaneiro de 2011, nos seguintes importes:

- 1º.- 1ª hora ou fracción: 0,0199 euros.
- 2º.- 1 a 2 horas:0,0178 euros.
- 3º.- 2 a 3 horas:0,0172 euros.
- 4º.- 3 a 4 horas:0,0169 euros.
- 5º.- 4 a 5 horas:0,0168 euros.
- 6º.- 5 a 6 horas:0,0166 euros.
- 7º.- 6 a 7 horas:0,0165 euros.
- 8º.- 7 a 8 horas:0,0165 euros.
- 9º.- 8 a 24 horas:0,0066 euros.
- 10º.- Toda a noite: 43,05 euros.
- 11º.- abono mensual: 76,52 euros.

En canto ó canon este quedará establecido nos seguintes importes:

- 9,4028 euros, mailo ive/praza de garaxe.
- 47,0136 mailo ive, m2/local comercial.

Segundo.- fixar o prezo de venda das prazas de aparcadoiros, na cantidade máxima de 12.263,56 euros ive engadido.

9(310).- REVISIÓN DE TARIFAS DO APARDOIRO SUBTERRÁNEO DE POLICARPO SANZ. EXPTE. 19130/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 17.02.2011, conformado pola concelleira de Contratación, e co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización do 4.03.2011, conformado polo Interventor Xeral na mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a revisión solicitada polo concesionaria do aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz, Eloymar y Transvias UTE, nos seguintes termos:

- O importe das tarifas a percibir dos usuarios nas prazas rotatorias, referidas a anualidade 2011, quedan establecidas en 0,0305 euros/minuto.

10(311).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA. EXPTE. 13404/444.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 28.01.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Adxudicar ENDESA ENERXÍA ELÉCTRICA, S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, EXPTE.13404-444, por un prezo total de 2.805.190 euros (IVE incluído).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

11(312).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A D. DOMINGO PIÑEIRO CUBELO, POLA FINALIZACIÓN DA CONCESIÓN DA CAFETERÍA MIRADOR EL CASTRO. EXPTE. 19138/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da técnica de Admón. Xeral, do 4.03.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a ASOCIACION HOSTELERA DE VIGO S.A. a fianza de 1.923,24 € constituída para responder da concesión da cafetería Mirador O Castro xa que as obras foron recibidas mediante acta de 3.09.2010, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

12(313).- PROXECTO DE CONVENIO COA ENTIDADE DEPORTIVA CLUB DEPORTIVO AMFIV PARA O PROXECTO DE ACTIVIDADES DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE DA CATEGORÍA NACIONAL ABSOLUTA DE BALONCESTO EN CADEIRA DE RODAS NA TEMPADA 2010/2011. EXPTE. 10316/333.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 7.02.11, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, co informe do letrado asesor do 25.02.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 4.03.3011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Deportivo AMFIV para o proxecto de actividades do equipo de elite da entidade da categoría Nacional Absoluta de Baloncesto en cadeira de rodas pola actividade na tempada 2010/2011.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 41.000,00 €. a favor da entidade: Club Deportivo AMFIV co CIF: G-36711380 con enderezo social na rúa LG canido Estación s/n en Vigo, e numero de conta corrente: 20800097480000057716. Este crédito e con cargo á partida 3410.489.00.07 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO AMFIV VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA TEMPADA 2010-2011.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil once.

REUNIDOS

Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don Pablo Beiro Diz como presidente da entidade Club deportivo AMFIV CIF nº G-36711380 e enderezo social na rúa LG canido Estación s/n en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 10316-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Club Deportivo AMFIV conta cun equipo de elite que participa na categoría nacional Absoluta de baloncesto en cadeira de rodas, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social e mediática do deporte.

A entidade Club Deportivo AMFIV desenvolve o proxecto do equipo de elite desta entidade durante a tempada 2010/2011.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- e) Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas viganeses e viganesas máis xoves teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- ◆ Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- 1- Conseguir que os deportistas viganeses e as deportistas viganesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- 2- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viganeses e viganesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.07, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 41.000,00 €, a favor da entidade deportiva Club Deportivo AMFIV .

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de elite da entidade Club Deportivo AMFIV na tempada 2010/2011.

V.- Que a entidade Club Deportivo AMFIV non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 10316-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Deportivo AMFIV, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva Club Deportivo AMFIV conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Deportivo AMFIV comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Deportivo AMFIV na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.

c) 2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Deportivo AMFIV , (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Deportivo AMFIV unha subvención por importe de 41.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.07 do orzamento en vigor co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de elite da entidade na tempada deportiva 2010/2011.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co equipo de elite da entidade, na cartelería e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca a totalidade da tempada deportiva do equipo de elite na tempada 2010-2011, entre os 45 días naturais previos ó inicio da competición oficial e os 30 días posteriores á finalización da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD

887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2011.

13(314).- AUTORIZACIÓN CARREIRA 10 KM CIDADE UNIVERSITARIA, PARA O VINDEIRO 27.03.2011. EXPTE. 10276/333.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 3.03.11, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar ao Servizo de Deportes da Universidade de Vigo, a organizar o vindeiro domingo 27 de marzo de 2011, a carreira **10 Km Cidade Universitaria**, e que percorrerá pola estrada de circunvalación do Campus Universitario Lagoas – Marcosende, tramo da estrada de acceso ao Campus dende a Autovía A-52 situado entre a estrada a Cidade Deportiva do Circulo Mercantil e a rotonda que marca o inicio da circunvalación ao propio Campus Universitario, dita proba comezará ás 11.30 horas e rematará ás 13.00 horas”

14(315).- AUTORIZACIÓN A AA.VV. DE SAN POULO, A ORGANIZAR O DÍA 27.03.2011 A I MARCHA CICLISTA AGARIMO SAN XOAN POULO. EXPTE. 10315/333.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 7.03.11, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar á A.VV de San Xoán Poulou, a organizar o vindeiro domingo día 27 de marzo de 2011, a - **I MARCHA CICLISTA AGARIMO SAN XOAN POULO**- dita carreira comezará as 11.00 horas e rematará as 13.30 horas, dando catro voltas polas rúas Vista do mar, Cantabria, Xoán, Currás, Fonte, Pouleira e rematando de novo na rúa Vista do Mar”.

15(316).- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE (VIDE) CO OBXECTO DE COADXUVAR AO FINANCIAMENTO DESTA FUNDACIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE PROMOCIÓN DO DEPORTE VIGUÉS A REALIZAR POLA FUNDACIÓN DURANTE O ANO 2011. EXPTE. 10314/333.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta do director deportivo do IMD, do 10.02.11, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, co informe do letrado asesor do 25.02.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 4.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1.-A aprobación da presente resolución de concesión de subvención directa por un importe de 190.000,00 €. a favor da entidade: Fundación Vigo en Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo. c/c 2080 0065 34 0040027966 con cargo á partida 3410.489.00.02 do vixente orzamento e dacordo cos condicionates establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de resolución é coadxuvar á financiación da Fundación VIDE, de natureza fundacional, de interese xeral galego e constituída sen ánimo de lucro, para a execución do proxecto de promoción do deporte Vigués realizado póla Fundación VIDE para o ano 2011.

b) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2011.

c) Esta subvención ten un claro carácter de interese público social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrência dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente, no orzamento aprobado para o exercicio 2011, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

d) Esta subvención non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

e) Que a entidade VIDE non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 10314-333.

f) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución á Fundación VIDE, deberá realizarse no prazo comprendido entre a notificación da presente resolución, e ata tres meses tras a finalización das actividades viculadas ó proxecto, para o que VIDE deberá de adxuntar, coa memoria xustificativa correspondente das actividades realizadas, xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe da subvención (facturas previstas no do RD 1496/2003), documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos

polas Federacións ou póla propia Fundación VIDE que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes ou documentos orixinais da certificación de Doacións realizadas póla Fundación VIDE a favor da entidade correspondente que xustifique o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, o presente convenio autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

◆2.-Aprobar o seguinte procedemento de pago de acordo coas características especiais da actividade, dados os gastos previos á actividade que ten a Fundación VIDE.

O 50% (95.000,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE, tras a aprobación do expediente de subvención por parte da Xunta de Goberno Local, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización das actividades expostas no proxecto de actividades. En relación a este pago anticipado non se considera necesario a solicitude de avais específicos, xa que a solvencia e capacidade da Fundación VIDE, está demostrada pola traxectoria da entidade como organizadora do proxecto de actividades obxecto da subvención desde o ano 2002.

O resto do importe abonarase á Fundación VIDE de modo fraccionado a medida que vaian rematando as actividades do proxecto, e tras a presentación das respectivas xustificacións parciais correspondentes ó desenvolvemento das actividades, xunto co informe do técnico responsable. Establécese que xunto á tramitación do primeiro pago fraccionado, e previo o abono deste, VIDE deberá xustificar axeitadamente o 50% do importe total da subvención. A axeitada xustificación, a realización da cada unha das actividades parciais e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá un informe ao respecto, previo o abono de cada un dos pagos

parciais facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

17(317).- MODIFICACIÓN DE TARIFAS CONSECUENCIA DA NOVA TARIFICACIÓN OPERADA POLA LEI 44/2006. EXPTE. 74421/210.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe proposta da xefa do servizo de Seguridade e do xefe da área de Mobilidade, do 8.03.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Iniciar procedemento de execución da Sentenza firme nº 01067/2010 - Autos: recurso de apelación nº 004704/2009 - (Procedemento de Orixe: P.Ordinario nº 00187/2008 - Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo), ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en data 28.10.2010.

SEGUNDO: Requirir as concesionarias “Tranvías Eléctricos de Vigo S.A.-Eloymar S.A” (Aparcadoiros Rúa Urzáiz e Praza da Independencia), “Corporación Masaveu S.A” (Aparcadoiro Praza do Rei), “Conycase S.A” (Aparcadoiro Rúa Venezuela, Rúa Coruña, Praza Fernando El Católico), para que no prazo de dez días naturais, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación do presente acordo presenten no rexistro xeral do Excmo. Concello de Vigo a seguinte documentación:

- 1.1) As contas anuais depositadas no rexistro mercantil correspondentes aos exercicios 2006, 2007, 2008 e 2009.
- 1.2) Imposto de Sociedades correspondente aos anos 2006, 2007, 2008 e 2009.
- 1.3) Declaracións trimestrais do IVE presentadas nos exercicios 2006, 2007, 2008 e 2009.
- 1.4) Desglose mensual de ingresos por rotación xerados nos anos 2006, 2007, 2008 e 2009, IVE non engadido, achegando declaración xurada do representante da empresa concesionaria da veracidade dos mesmos.
- 1.5) Gastos de explotación e outros ingresos (sen incluír ingresos por rotación) con desglose mensual no período 2006-2009, achegando declaración xurada do representante da empresa concesionaria da veracidade dos mesmos.
- 1.6) Datos de entrada-saída dos usuarios de rotación en formato electrónico, correspondentes ás anualidades de 2006, 2007, 2008 e 2009. Os datos facilitados deberán conter para cada vehículo alomenos hora de entrada e saída, minutos facturados e data de entrada e saída.
- 1.7) Plan Económico-Financeiro da Concesión, incluído na documentación administrativa da mesma aprobada polo Excmo. Concello de Vigo.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á Asesoría Xurídica Municipal, para que a mesma proceda ao seu traslado ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia solicitando ao mesmo que para o suposto de non considerar que esta forma de executar a sentenza axústase ao tenor literal da mesma, indique ao Concello de Vigo os términos exactos nos que debemos proceder a executar a mesma.

18(318).- CONCESIÓN DE AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 21852/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 24.02.2011, conformado polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 3.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de data 08/02/2011, por un importe total de 6.822,00 € (SEIS MIL OITOCENTOS VINTE DOUS EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos empregados/as públicos municipais que se indican- segundo relación contida no cadro anexo- cos importes que no mesmo se especifican:

NOME	DNI	Nº Persoal	EUROS
Calvar Ríos, Moisés	36142373	79383	732,00 €
Mariño Villanueva, Julia	36045806	22361	3.580,00 €
Molina Magdalena, Fernando	36065820	77043	2.260,00 €
Rielo Franco, M ^a Rita	36067074	23774	250,00 €
SUMA TOTAL			6.822,00 €

19(319).- RECLAMACIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA POR D^a BELÉN PÉREZ FREIRE EN CONCEPTO DE DIFERENCIAS SALARIAIS. EXPTE. 21866/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 1.03.2011, e co informe do técnico de Intervención do 4.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- En escrito de 09/11/2010 (documento nº 100143085) D^a Belén Pérez Freire, traballadora municipal en réxime laboral indefinido declarado por sentenza xudicial firme, solicita o abono das cantidades deixadas de percibir dende o ano 2008 en concepto de valoración de postos de traballo ata a data da solicitude, así como a subsanación do erro presuntamente padecido nas nóminas no referente á base de cotización e aos complementos de destino e específico para o ano 2010, manifestando que se viu aplicando a contía correspondente ao ano 2009.

2.- Solicitado informe técnico, en data 10/02/2011 a Técnica de Xestión de Recursos Humanos emite informe incorporado ao expediente administrativo, no cal literalmente se sinala que:

“En relación coa petición da interesada relativa a cantidades deixadas de percibir, a interesada percibiu o importe correspondente a salarios de tramitación (1 de abril de 2008 a 30 de marzo de 2009), fixados por sentenza. Así mesmo, ao longo do citado período non existiu ningunha adecuación retributiva de postos, concretamente administrativo, entendéndose que si existira a dita adecuación non lle correspondería en ningún caso.

No que respecta á diferenza salarial dende o 1 de abril de 2009 a xuño de 2010, procede dito abono dada a firmeza da sentenza do Xulgado do Social nº 4, co que as diferenzas entre o percibido e o salario base correspondente ao subgrupo C1, complemento de destino 19 e complemento específico 316 para o ano 2009, sería de 1.873,04 € e para o ano 2010, 1.310,94 € (o que supón un total de 3.183,98 € brutos), que deberán imputarse economicamente á partida 92201400000, tal como se ven facendo ata a data cos custes salariais da interesada.

Pola Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas), deberá procederse á regulación correspondente, incluíndo a modificación da base mínima de cotización dende maio de 2010 ata a actualidade, que pasa a ser de 2.235,92 €, en aplicación de medidas extraordinarias para redución do déficit público.”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Artigo 27 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2011 en canto ao réxime retributivo do persoal laboral ao servizo do sector público.

II.- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e remisión normativa á Lei 30/1984, do 2 de abril, de Medidas para a Reforma da Función Pública en canto ao réxime de retribucións do persoal ao servizo do sector público.

III.- Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o o Texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

IV.- Artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. En canto á aplicación orzamentaria do gasto proposto, efectuarase con cargo á 92201400000 segundo informe técnico de data 10/02/2011 e sempre nos termos do preceptivo informe de fiscalización previa do gasto que pola Intervención Xeral Municipal se emita.

Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á xestión económica e administrativa do persoal municipal de conformidade co establecido no artigo 127. 1, apartados g) e h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e previa coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, sométese ao criterio do citado órgano municipal a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

“Primeiro.- Estimar parcialmente a reclamación formulada por D^a Belén Pérez Freire en escrito de data 09/11/2010 (documento nº 100143085), nos termos do informe técnico de cuantificación económica emitido en data 10/02/2011, e en consecuencia recoñecer o dereito á percepción dos importes en concepto de diferenzas salariais experimentadas no período comprendido entre o 01/04/2009 e o 01/06/2010, que ascenden a un total de 3,183,98 euros, imputables á aplicación orzamentaria 92201400000.

Segundo.- Dispoñer que pola Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas) se proceda á regularización correspondente, incluíndo a modificación da base mínima de cotización dende maio de 2010 ata a actualidade, que pasa a ser de 2.235,92 €, en aplicación do Real Decreto-Lei 8/2010, do 20 de maio, de Medidas extraordinarias para redución do déficit público.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade á proposta que antecede.

20(320).- SOLICITUDE DE ABONO COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A CAPATACES, VIXIANTES INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E INSPECTORES. EXPTE. 21841/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 16.02.2011, conformado pola xefa do servizo de RR.HH., e co informe do técnico de Intervención do 1.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aboar, en concepto de complemento de produtividade a cantidade que figura na relación que se achega e que empeza por D Jose Ramon Alvarez Maneiro e remata por D Alfonso Alonso Rodriguez, que ascende a un total de 59671.20 euros.

Posto		N.P.	Nome	Importe
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	17325	ALVAREZ MANEIRO, JOSE RAMON	710,92
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	78008	ALVAREZ MIGUEZ, FELICIANO	681,7
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	78009	BAYER FRANCISCO, JOSE	710,92
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	80496	CALCERRADA FORNIERES JAVIER	0
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	78145	CAMESELLE SUAREZ, ISAAC FRANCISCO	710,92
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	11699	CARREIRO EXPOSITO RICARDO	710,92
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	10872	DOMINGUEZ GREGORIO, VICENTE	710,92
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	12842	ENTENZA RIAL, FRANCISCO	710,92
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	78889	FANDIÑO DOCIO, ENRIQUE	397,34
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	78740	FERNANDEZ COMESAÑA, JAIME	710,92
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	78139	FERNANDEZ DIAZ, LISARDO	710,92
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	80497	FERNANDEZ PEREZ ROGELIO J DIMAS	710,92
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	79368	GARCIA DOCAMPO, ANTERO	707,02
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	79367	GARCIA SOTO, FRANCISCO JOSE	710,92
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	80490	IGLESIAS TRABAZO, JOSE ANTONIO	710,92
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	17791	LAGO DAVILA, JESUS	701,18
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	77975	LOPEZ SANMARTIN, JOSE MANUEL	710,92
218	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	79387	LORENZO CARRERA, GUILLERMO	681,7

Posto		N.P.	Nome	Importe
218	VIXIANTE INSTALACIONS MUNICIPAIS	77988	PAJON SANTOS ALFONSO	710,92
218	VIXIANTE INSTALACIONS MUNICIPAIS	15361	PEREIRA ALVAREZ, JOSE	557,05
218	VIXIANTE INSTALACIONS MUNICIPAIS	80491	SANCHEZ BLAZQUEZ, XOSE ANTON	710,92
218	VIXIANTE INSTALACIONS MUNICIPAIS	79640	SOLER VIDAL, RICARDO	707,02
218	VIXIANTE INSTALACIONS MUNICIPAIS	16159	VALLEJO RICON, MANUEL	710,92
109	TECNICO/A AUX. SALA CONTROL	14522	VILA ALONSO, JOSE	1700,78
108	TECNICO/A AUXILIAR SENALIZACION	15208	ALONSO GONZALEZ, JOSE RAMON	1700,78
108	TECNICO/A AUXILIAR SENALIZACION	13652	GARCIA ALFONSO, JUAN JESUS	740,89
254	INSPECTOR MOBILIDADE E SEGURIDADE	9082	LOPEZ DOSIO, JULIO	1691,46
255	INSPECTOR MEDIO AMBIENTE	15094	ESPAÑA PIÑEIRO, JOSE ANTONIO	1700,78
255	INSPECTOR MEDIO AMBIENTE	77219	MARTINEZ GIRALDEZ, GABRIEL	1630,88
131	INSPECTOR CONSUMO	21670	ALVAREZ ALONSO, MANUEL	1700,78
131	INSPECTOR CONSUMO	16432	LAGO GIRALDEZ, LUCIANO	1640,2
142	INSPECTOR AUXILIAR SANIDADE	76431	BARREIRA PAZOS, ANTONIO	1700,78
255	INSPECTOR MEDIO AMBIENTE	15556	COMESAÑA SOLLA, ANTONIO	1244,13
143	INSPECTOR AUXILIAR CONTROL CONCESSIONARIO	11765	ARGIBAY BARCIELA, GONZALO	1700,78
143	INSPECTOR AUXILIAR CONTROL CONCESSIONARIO	15467	COBAS REY, EUGENIO	1700,78
185	INSPECTOR AUXILIAR OBRAS	13617	BARCIELA SIMON, BENITO	1700,78
185	INSPECTOR AUXILIAR OBRAS	11819	GOMEZ PASCUAL, JULIO	1402,56
185	INSPECTOR AUXILIAR OBRAS	17740	OUJO GERUT, JOSE VENTURA A.	1686,8
185	INSPECTOR AUXILIAR OBRAS	10694	SALGUEIRO PIÑEIRO, BENIGNO	1649,52
185	INSPECTOR AUXILIAR OBRAS	11682	VILLAR ESTEVEZ, RAIMUNDO	1700,78
185	INSPECTOR AUXILIAR OBRAS	17489	LOBATO CAMESELLE, RICARDO	1658,84
161	INSPECTOR AUXILIAR INFRAESTRUCTURAS	13273	VAZQUEZ RIAL, RAMON	1700,78
143	INSPECTOR AUXILIAR CONTROL CONCESSIONARIO	78929	ROMERO GIL-DELGADO, M ^o LORETO	1691,46
118	CAPATAZ DESINFECCION	16350	SEIJAS ALVAREZ, JOSE RAMON	1640,2
253	CAPATAZ MANTENEMENTO CULTURA	16478	VAZQUEZ MARTINEZ, RAMON	1700,78
170	ENCARGADO OBRAS MEDIOAMBIENTAIS	16231	VILABOA PEREZ, JOSE FERNANDO	1700,78
116	CAPATAZ VIAS E OBRAS	5747	AMOEDO MOSQUERA, JOSE LUIS	1481,78
116	CAPATAZ VIAS E OBRAS	13669	MARTINEZ GONZALEZ, JOSE MANUEL	1491,09
116	CAPATAZ VIAS E OBRAS	13681	RODRIGUEZ PRIETO, FEDERICO	1113,66
117	CAPATAZ ELECTROMECHANICOS	14516	POSADA OITABEN, ANGEL	1700,78
120	CAPATAZ MONTES PARQUES E XARDINS	13764	ALONSO RODRIGUEZ, ALFONSO	1700,78
			TOTAL	59671,2

21(321).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE ABOAMENTO DE TRIENIOS A D^a MARIA XOSÉ PORTEIRO GARCIA. EXPTE. 21867/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, do 1.03.2011, segundo proposta da xefa da área de Réxime Interior da mesma data, co dou fe do Secretario do Goberno, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 24/02/2011 (documento nº 110022152) a traballadora municipal D^a M^a Xosefa Porteiro Garcia, con nº de persoal 76.562, técnico de Relacións Públicas, solicita o aboamento das retribucións que en concepto de trienios lle corresponden polos servizos prestados.

A referida traballadora atópase en situación de excedencia forzosa por desempeño de cargo público declarada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/07/2009 (con modificación da causa acordada en sesión de data 23/08/2010 (expediente administrativo nº 20.017/ 220).

2.- Ao citado escrito apórtase certificación expedida polo Director de Control de Xestión e Administración da Fundación dos Ferrocarrís Españois (FFE) onde presta servizos a traballadora solicitante, na cal faise constar que nas retribucións percibidas pola Sra. Porteiro García non se percibe o concepto de antigüidade, ao non estar orzamentada na citada entidade.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 8.1. do Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, do Regulamento de situacións administrativas, contempla que os funcionarios en situación de servizos especiais percibirán as retribucións do posto ou cargo efectivo que desempeñen. Nembargantes a propia norma dispón excepcionalmente, a posibilidade de seguir retribuíndo os trienios recoñecidos, con cargo aos orzamentos da Administración onde presten os seus servizos, ou ben con cargo ós orzamentos do Departamento onde desempeñaban o seu último posto de traballo.

II.- A devandita norma, se ben resulta de aplicación exclusivamente ao persoal funcionario, enténdese que atoparía correspondencia para a aplicación analóxica das normas xurídicas contemplada no artigo 4 do vixente Código Civil no artigo 46 do Real Decreto legislativo 1/1995, do 25 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, onde se establece que a excedencia forzosa dará dereito ...” ao cómputo da antigüidade da súa vixencia” polo que no ámbito das Administracións Públicas, a interpretación teleolóxica que debe facerse da citada norma polo que respecta ao persoal laboral ao servizo do sector público entendemos que afectaría non só ao cómputo cronolóxico, senón tamén aos dereitos retributivos derivados do mesmo, dereitos retributivos que non están sendo aboados pola entidade pública de destino, nos termos da certificación referida nos antecedentes e incorporada ao expediente administrativo.

III.- Vistas as competencias que ostenta o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en canto ao recoñecemento dos trienios do persoal municipal, por delegación da Xunta de Goberno Local efectuada en acordo de 16/07/2007 (apartado Cuarto, a), tres), efectúase a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

“Proceder ao aboamento de 8 trienios recoñecidos á empregada municipal D^a M^a Xosé Porteiro Garcia, con nº de persoal 76.562, técnica de Relacións Públicas do Concello, en situación de excedencia forzosa por desempeño de cargo público, correspondentes ao subgrupo A2 de titulación, perfeccionando o noveno trienio o 01/11/2013.

A presente resolución surtirá efectos económicos e administrativos dende a data da súa solicitude (24/02/2011), debendo dar traslado da mesma á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se celebre.

Notifíquese a presente á interesada, Intervención Xeral Municipal e Tesourería (Negociado de Nóminas) aos efectos oportunos”.

22(322).- SUBSANACIÓN DE OMISIÓN NOS ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA AOD A-2-29 PISTA. EXPTE. 4987/401.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral e do director da oficina de Planeamento-Xestión, do 28.02.2011, e coa aprobación do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 10.03.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o domicilio da Xunta de Compensación da AOD A-2-29 Pista fixado en Asamblea Xeral celebrada o día 17.02.2011 e formalizado mediante escritura pública outorgada perante o Notario de Vigo, D. Gerardo García-Boente Sánchez, o día 21.02.2011 co núm.267 do seu protocolo, quedando establecido nos locais baixos do núm. 27 da r/Quintela, en Vigo.

SEGUNDO: Remitir o presente acordo á Secretaría xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI de cara a inscrición da Xunta de Compensación da AOD A-2-29 Pista no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras e remitirlle, así mesmo, copia dilixencia das escrituras públicas de constitución e subsanación mencionadas nos fundamentos da proposta transcrita.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

23(323).- PROXECTO DE CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O MUSEO VERBUM-CASA DAS PALABRAS. EXPTE. 1632/340.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director administrativo do museo Verbum, do 31.01.2011, conformado polo concelleiro da área de

Cultura e Animación Sociocultural, e co informe do letrado asesor do 9.03.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar do texto do convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o museo Verbum-Casa das Palabras.

SEGUNDO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, D. Xesús López Carreira, para asinar este Convenio marco..

24(324).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE EXCONSA S.L. POR PERMISO DE PASO DE CAMIÓN NA RÚA PRINCIPE, 53. EXPTE. 62759/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 3.03.2011, conformado pola concelleira da área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 30.000,00 € (trinta mil euros), a favor de Exconsa S.L. .

25(325).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE EXCONSA S.L. POR PERMISO DE PASO DE CAMIÓN NA PRZA. DE COMPOSTELA, 1. EXPTE. 62736/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 3.03.2011, conformado pola concelleira da área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 65.124,00 € (sesenta e cinco mil euros), a favor de Ex-consa, S.L.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

26(326).- DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO ACTO IMPUGNADO E DE REVISION DE OFICIO DOS ACORDOS DA XGL APROBATORIOS DAS BASES XERAIS E ESPECIFICAS RECTORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS DERIVADOS DA EXECUCION DA OEP 2008. EXPTE. 21883/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Recursos Humanos, do 11.03.2011, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

Único.- En escrito recibido no Rexistro Xeral do Concello o 02/03/2011 (documento nº 110025101) D. Marcos Martínez Domínguez, con DNI 36144676-S, solicita a revisión de oficio dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en datas 28/05/2010, 05/08/2010 e 17/11/2010, aprobatorios das Bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, por entender o recorrente a nulidade da determinación de 14 prazas de Administrativos de Administración Xeral para ser cubertas pola quenda de promoción interna, así como a reserva de 5 prazas de auxiliar de administración xeral das 17 ofertadas para ser cubertas por idéntico sistema de promoción interna.

No corpo do mesmo escrito contense a solicitude de suspensión da execución do acto administrativo obxecto de impugnación, á vista do cal procede a resolución expresa en prazo da solicitude de revisión plantexada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- En canto aos requisitos formais de admisibilidade da solicitude de revisión plantexada, debe salientarse que o artigo 102 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC) establece que as Administracións Públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude de interesado, e previo dictame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houberse, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que teñan posto fin á vía administrativa ou que non teñan sido recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 62.1.

A solicitude presentada, por tanto, cumpre apriorística, temporal e formalmente os requisitos legalmente esixidos para ser admitida a trámite, observándose no mesmo tanto á identificación concreta do acto administrativo obxecto de recurso, como o órgano municipal competente para a adopción do mesmo; requisitos que, con carácter xeral, a norma procedimental citada contempla para a correcta presentación dos recursos administrativos.

II.- No referido á pretensión de suspensión da execución do acto obxecto de impugnación, o artigo 111 da Lei 30/1992 citada establece expresamente que a interposición de calquera recurso, excepto nos supostos nos cales unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado (apartado 1). Non obstante, o seguinte apartado sinala que o órgano a quen compete resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada entre o prexuízo que causaríaa ao interese público ou a terceiros a suspensión, e o prexuízo que se causa ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando conorra algunha das seguintes causas:

- d) Que a execución puidese causar prexuízos de moi difícil ou imposible reparación.
- e) Que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 da citada Lei 30/1992.

Asemade, a Lei preceptúa que a execución do acto impugnado entenderase suspendida se transcorridos 30 días dende que a solicitude de suspensión tivese entrada no rexistro do órgano competente para decidir sobre a mesma, esta non ditase resolución expresa ao respecto.

Valorado e ponderado o prexuízo que se lle causaría ao interese público coa suspensión da execución do acto que se impugna en relación co prexuízo individual que se lle causa ao recorrente, resulta **obvia a primacía do interese xeral** –materializada tanto na necesidade do Concello de Vigo como organización pública na incorporación de novos efectivos, como na obriga de executar completamente as súas ofertas de emprego público no prazo improrrogable de 3 anos contemplado no artigo 70 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público-; interese xeral que aconsella non suspender os procesos selectivos convocados para a provisión de prazas de administrativos de Administración Xeral (subgrupo C1) e de auxiliares de Administración Xeral (subgrupo C2) sempre que estes se desenvolvan con pleno respecto aos principios reitores do acceso ao emprego público recollidos no artigo 55 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; primacía que se contrapón aos intereses particulares – non expresamente manifestados no texto do recurso plantexado- do recorrente, que en todo caso ten a opción de poder participar nos procesos selectivos convocados para a provisión pola quenda libre de 3 prazas de administrativos de Administración Xeral e de 12 prazas de auxiliares de Administración Xeral ofertadas baixo o sistema selectivo da oposición libre.

Non se observa no presente suposto a concorrencia de prexuízos de difícil ou imposible reparación, nin tampouco a concorrencia de supostos consignados como causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 da Lei 30/1992.

En consecuencia, e polos motivos expostos, **procede desestimar expresamente a solicitude de suspensión da execución do acto impugnado.**

III.- En canto ao fondo do asunto, o recorrente alega a vulneración das previsións legais contidas no artigo 169.2 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.

Debe significarse que o citado precepto, no seu teor literal, contempla que:

“Ata tanto non se diten as normas regulamentarias previstas no artigo 100.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a selección dos funcionarios a que se refire o número anterior axustarase ás seguintes regras:

(.....) b) o ingreso na subescala administrativa farase por oposición libre, e precisarase estar en posesión do título de bacharel, formación profesional de segundo grao ou equivalente.

Non obstante, reservaranse para promoción interna o 50 por cen dos postos de traballo existentes para os pertencentes á subescala de auxiliares de administración xeral que posúan a titulación indicada, e contén con cinco anos de servizo na subescala.”

Debe salientárselle ao recorrente que dito precepto, como a primeira frase do mesmo indica, tiña carácter transitorio ata tanto non se ditase polo lexislador estatal a normativa regulamentaria de desenvolvemento; normativa que foi aprobada por **Real Decreto 364/1995, do 24 de marzo**, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional.

A vixencia da citada norma debe ser contextualizada no ámbito da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP) a cal contempla preceptos específicos en relación á carreira administrativa e promoción profesional que todavía non se atopan vixentes, pendentes do desenvolvemento normativo por parte do lexislador estatal. Consultadas as disposicións derogatorias, transitorias e finais do EBEP, pode concluírse o carácter de dereito supletorio do citado regulamento (opinión compartida pola doutrina especializada; vid. MARTÍN REBOLLO, L., en “Código de Leis Administrativas”, 16ª Edición, 2010, Ed. Thomson Aranzadi),

debedo manifestarse que nada contempla en relación ao establecemento de límites máximos a establecer nas convocatorias das prazas reservadas para promoción interna.

IV.- Igualmente, debe salientarse que o máximo do 50% das prazas que podían reservarse para promoción interna contemplado no artigo 134 do citado Texto Refundido 781/1986 **foi suprimido** por Lei 23/1988, do 28 de xullo, dando nova redacción ao artigo 22.1 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da función pública, actualmente derogado polo EBEP e substituído polo actual artigo 18 do mesmo, resultando a normativa autonómica na materia supletoriamente aplicable nos termos do disposto no artigo 168 do xa referido Texto Refundido 781/1986.

Por tanto, non concorre o presuposto básico e esencial para a sustentación e admisión da solicitude de revisión de oficio, que é a afectación do acto administrativo obxecto de recurso ás causas de nulidade de pleno dereito contidas no artigo 62.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, debendo ser a solicitude presentada desestimada pola motivación exposta.

V.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á xestión do persoal municipal, así como en relación á competencia para a resolución dos recursos presentados contra os propios actos, recollida no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“Primeiro.- Desestimar expresamente a solicitude de suspensión da execución do acto impugnado (acordos da Xunta de Goberno Local aprobatorios das Base Xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público 2008) contida na solicitude de revisión de oficio presentada en escrito de data 02/03/2011 por D. Marcos Martínez Domínguez (documento nº 110025101), pola motivación exposta no informe que antecede, previa ponderación esixida polo artigo 111 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC) e en atención aos fundamentos xurídicos expresados no mesmo

Segundo.- Desestimar expresamente a solicitude de revisión de oficio dos acordos da Xunta de Goberno Local aprobatorios das Base Xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público 2008, presentada en escrito de data 02/03/2011 por D. Marcos Martínez Domínguez (documento nº 110025101), por non concorrer os requisitos legalmente contemplados ao efecto e nos termos da motivación exposta e informe xurídico que antecede, en aplicación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC).”

Notifíquese o presente acordo ao recorrente aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer unicamente recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local presta a súa conformidade á proposta que antecede.

27(327).- BASES REGULADORAS PARA A CUALIFICACIÓN DOS PROXECTOS EMPRESARIAIS DE INTERESE MUNICIPAL (P.E.I.M.). EXPTE. 8053/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 4.03.2011, conformado polo concelleiro de dita área, e co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 11.03.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a modificación das Bases Reguladoras para a Cualificación dos Proxectos Empresariais de Interese Municipal (P.E.I.M.), que se achegan no expediente.

REGULAMENTACIÓN E CARACTERÍSTICAS DOS PROXECTOS EMPRESARIAIS DE INTERESE MUNICIPAL “Proxectos PEIM”

ANTECEDENTES

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego, pon en marcha o “Plan Municipal de Emprego 2000–2003” mediante a súa aprobación en sesión plenaria da Corporación Municipal de data 5 de xuño de 2000. O Plan quere ser un punto de partida na coordinación entre tódolos axentes sociais implicados na loita contra o desemprego nunha das cidades galegas máis castigadas pola alta taxa de desemprego.

O Plan contempla a implementación dos “Programas de axudas á creación de empresas”, segundo se indica no propio texto do Plan, *“anualmente estableceranse as bases para a concesión destas axudas, que ben poderán ter a forma de axudas directas ou ben outras formas de apoio (establecemento de fondos de garantía en colaboración con entidades financeiras, bonificacións en determinados impostos municipais -IAE, ICOI,...-, exención de determinadas taxas municipais -de apertura, de lixo industrial,...-, etc), que sempre estarán referidas ós proxectos empresariais que dende a Área de Promoción Económica e Emprego se consideren iniciativas empresariais susceptibles de apoio municipal, tanto polo seu carácter innovador, como polas características dos seus promotores e mesmo polo sector económico sobre o que se incida”*.

Así, o nacemento da figura de proxectos ou iniciativas empresariais que sexan declaradas de interese municipal (Proxectos Empresariais de Interese Municipal -PEIM-), manifestouse no acordo da Comisión de Goberno de data 4 de setembro de 2000, no que se adopta a incorporación nas ordenanzas municipais para o ano 2001 de bonificacións fiscais para aqueles proxectos declarados de interese municipal (Proxectos PEIM). Neste acordo, incluíase o compromiso de que, para a necesaria regulamentación destes proxectos, a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego presentaría para a súa aprobación proposta relativa ás características que deben reunir os proxectos empresariais susceptibles de seren declarados de interese municipal, os criterios de valoración dos mesmos, así como o procedemento a seguir en dita declaración.

Por todo o exposto, preséntanse agora as bases reguladoras que delimiten as características, singularidade, requisitos e procedemento de cualificación desta nova figura, que vai na liña das Iniciativas Locais de Emprego da Xunta, pero exclusivamente xeradas, apoiadas economicamente no ámbito municipal, pola entidade local. Hai que ter en conta que estas bonificacións fiscais ós proxectos PEIM poderán servir para

acreditar a necesaria aportación municipal que toda ILE debe ter, cumprindo deste xeito o estipulado no artigo 2º.b do capítulo I, do Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as Iniciativas Locais de Emprego.

BASES REGULADORAS PARA A CUALIFICACIÓN DOS PROXECTOS EMPRESARIAIS DE INTERESE MUNICIPAL (P.E.I.M.)

Base I

Características dos proxectos empresariais de interese municipal

Artigo 1º - Definición

Poderán te-la consideración de proxectos PEIM, aqueles proxectos empresariais, independentemente da súa forma xurídica, co seu domicilio fiscal e social no ámbito territorial do Concello de Vigo, e que teñan por obxecto:

- 1-Fomentar a posta en marcha de actividades consideradas innovadoras, emerxentes ou novos filóns de emprego, ou ben,
- 2-O autoemprego de colectivos específicos que se constituían como empresarios, como un dos medios mais axeitados para a súa integración laboral.

Artigo 2º - Requisitos

Os referidos proxectos empresariais, para que poidan ser cualificados como de interese municipal, deberán cumpri-los seguintes requisitos:

- 3-Proxectos empresariais que reúnan as condicións de viabilidade e que xeren cando menos un posto de traballo estable.
- 4-Que se trate de empresas privadas de nova creación ou empresas xa constituídas que incorporen aspectos innovadores na súa actividade ou nunha nova actividade.
- 5-Que os seus promotores pertencen algún dos colectivos especificados no artigo 3º, ou ben que o obxecto da iniciativa empresarial estea comprendido nalgunha das actividades indicadas no artigo 4º das presentes bases.
- 6-Que vaian desenvolve-la súa actividade maioritariamente no ámbito territorial do Concello de Vigo, e teñan o seu domicilio fiscal e social no mesmo.
- 7-Acadar a puntuación mínima requirida, segundo os criterios de avaliación que se especifican no artigo 5º.

Artigo 3º - Colectivos

Os emprendedores de proxectos susceptibles de seren cualificados como PEIM ou as empresas xa constituídas que incorporen aspectos innovadores na súa actividade ou nunha nova, deberán pertencer a algún dos seguintes colectivos:

- ◆Persoas que participen ou teñan participado nalgún dos programas ou accións no ámbito das políticas *activas de emprego*, que se leven a cabo no Concello de Vigo, fundamentalmente na Área de Promoción Económica e Emprego no marco do Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo, tales como escolas obradoiro, obradoiros de emprego, cursos de formación ocupacional, beneficiarios de proxectos europeos xestionados no ámbito do concello, Programas de Cooperación coa Xunta de

Galicia, Programa Municipal de Integración Laboral, bolsas e clubs de emprego de ámbito municipal, etc.

- ◆ Aquelas persoas pertencentes a algún dos colectivos con maiores dificultades de acceso ó mundo laboral, segundo se contempla nas directrices da Unión Europea, tales como minusválidos, maiores de 45 anos, parados de longa duración, xoves menores de 30 anos que busquen o seu primeiro emprego, mulleres en sectores con baixa representación das mesmas, ...

Artigo 4º - Actividades vinculadas ós novos filóns de emprego

Cando a actividade ou obxecto social da empresa se inscriba dentro das actividades emerxentes ou novos filóns emprego, no marco da definición e interpretación que establece a Comisión Europea, tamén serán proxectos susceptibles de seren cualificados como PEIM. Entre aquelas pódense distinguir:

1.- *Servizos da Vida diaria*

Servizos a domicilio
Coidado de nenos e enfermos.

2.- *Servizos de mellora no marco de vida*

Mantemento e Mellora da vivenda
Seguridade e vixiancia
Transportes colectivos locais
Revalorización dos espazos públicos urbáns.
Os comercios de proximidade

3.- *Servizos culturais e de ocio*

Turismo
O sector audiovisual
A valoración do patrimonio cultural
O desenvolvemento cultural local

4.- *Os servizos de medio ambiente*

A xestión dos residuos
A xestión da auga
A protección e mantemento das zonas naturais
O control da contaminación e as instalacións correspondentes.

5.- *As novas tecnoloxías da información e da comunicación*

Formación a distancia
Teletraballo

6.- *As enerxías renovables e o aforro enerxético.*

Auditorías e consultorías enerxéticas
Vehículos eléctricos.
Instalacións de enerxías renovables.

Artigo 5º – Criterios de avaliación

Todos aqueles proxectos susceptibles de ser cualificados como proxectos PEIM, terán que acadar unha puntuación mínima de 70 puntos (condición necesaria, aínda que non suficiente para poder ser cualificado como proxecto PEIM), unha vez aplicada a táboa de valoración indicada, ó aplicar os seguintes criterios:

- 1- *Colectivo/s ó/s que pertence/n o/s promotor/es do proxecto ou os socios e no caso das empresas xa constituídas relevancia na industria local.*

- 2-*Actividade ou obxecto social da nova empresa e no caso de empresas xa constituídas as novas actividades que van a desenvolver. Neste ámbito valorarase as actividades vencelladas a sectores emerxentes ou novos filóns de emprego.*
- 3-*Situación de desemprego dos promotores (tempo de permanencia nesta situación, segundo certificado de vida laboral) da nova empresa e de ser unha empresa xa constituída terase en conta a situación e tempo de permanencia no Concello.*
- 4-*Natureza innovadora do proxecto, que optimicen os recursos infrautilizados ou ociosos no ámbito territorial no que van desenvolver a súa actividade.*
- 5-*Número de empregos estables creados e colectivos que se vaian contratar, tanto a xornada completa como a tempo parcial, por un período mínimo de 2 anos, valorándose especialmente a contratación de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. No caso das empresas xa constituídas valorarase as novas contratacións sempre e cando se produza un aumento da plantilla estable respecto o ano anterior.*
- 6-*Interese do proxecto para a dinamización socio-económica da zona, tendo en conta así mesmo a ubicación do seu domicilio social (actividades turísticas ou de outro ámbito, que requiran un impulso para o seu fomento).*
- 7-*Forma xurídica da empresa cualificada como proxecto "PEIM", dándolle prioridade ás empresas de economía social, co obxecto de incentivar e fomentar as mesmas e, por ende, o asociacionismo laboral.*
- 8-*Contía do investimento que se vai levar a cabo no seu conxunto, e máis en concreto en activo fixo. No financiamento do mesmo terase en conta o ratio financiamento alleo fronte a financiamento propio. No caso de ser empresas xa constituídas terase en conta a contía do investimento necesario para a implantación da/s nova/s actividade/s.*
- 9-*Experiencia laboral e formación dos promotores no sector no que van desenvolver a actividade, e que vai constituí-lo obxecto social da súa empresa. No caso de ser empresas xa constituídas valorarase os coñecementos e a experiencia dos socios nesa/s nova/s actividade/s.*

Os criterios 1) e 2) valoraranse de 0 a 20 puntos.

O criterio 5) valorarase de 0 a 15 puntos.

Os criterios 4), 6) e 8) valoraranse de 0 a 10 puntos.

Os criterios 3), 7) e 9) valoraranse de 0 a 5 puntos.

BASE II

Ámbito e Réxime das axudas

Artigo 6º - Axudas e subvencións

As empresas, independentemente da súa forma xurídica, que sexan cualificadas como "*proxectos PEIM*" poden beneficiarse da liña de axudas e subvencións que estableza o Concello de Vigo no marco dos seus Plans Municipais de Emprego, para a promoción e estímulo deste tipo de iniciativas, entre as que destacan:

- 1-Bonificacións fiscais en taxas e tributos locais, segundo o estipulado nas ordenanzas fiscais.

- 2-Axudas á creación de empresas, segundo o estipulado nas súas convocatorias anuais.
- 3-Axudas á contratación temporal, segundo o estipulado nas súas convocatorias anuais.

As axudas máis concretas, vencelladas a este tipo de proxectos, son as bonificacións fiscais aprobadas polo concello xa que se refiren ás *iniciativas empresariais declaradas de interese municipal*, con independencia de ser susceptibles de percibir outras subvencións, tanto da administración local como doutras, respectando os criterios de incompatibilidades establecidas ó efecto.

Exclusións e incompatibilidades

O conxunto de axudas das que se poden beneficiar os proxectos cualificados como de interese municipal son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- f) O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non exceda do 100% do investimento total inicial do proxecto.
- g) O importe total das axudas percibidas non exceda de 100.000 Ecus para un determinado tipo de gasto nun período de tres anos (Acordo da Comisión Europea do 23 de xullo de 1996).

Os beneficios fiscais, para os proxectos empresariais de interese municipal, veñen especificados nas Ordenanzas Fiscais para o exercicio 2011 e vindeiros, e abarcan os seguintes tributos locais:

- 1-*Imposto de Actividades Económicas.*
- 2-*Taxa de Licencia de Actividades e Instalacións.*
- 3-*Taxas de Licencia de obras, construcións e instalacións.*
- 4-*Imposto sobre construción, obras e instalacións*
- 5-*Calquera outra taxa ou licencia sempre que estea recollida nas Ordenanzas Fiscais Municipais de cada ano.*

BASE III
Procedemento de cualificación
como iniciativa empresarial de interese municipal

Artigo 7º – Tramitación e procedemento

Poderán solicita-la cualificación como “*proxecto PEIM*” os promotores de proxectos empresariais susceptibles de seren cualificados como tales, segundo o estipulado nos artigos 1º e 2º das presentes bases, sempre que non iniciasen a actividade, aínda que a empresa xa estea constituída no caso de empresas de nova creación e as empresas xa constituídas que tenten levar a cabo a posta en marcha de accións innovadoras.

Deste xeito, entenderase que inicia a súa actividade produtiva cando cause alta no Imposto de Actividades Económicas, que vai constituír o obxecto social da súa empresa.

Os promotores deberán dirixirse ó Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo, no que os técnicos adscritos ó mesmo avaliarán o proxecto empresarial, así como a súa viabilidade desde a óptica empresarial cara a súa cualificación como “*proxecto PEIM*”.

Finalmente, os técnicos que xestionen o proxecto concreto, deberán emitir informe razoado e documentado sobre a posibilidade de ser cualificado como proxecto de interese municipal (PEIM), razoando os criterios tidos en conta e o cumprimento dos requisitos esixidos. O citado informe deberá ser,

previa remisión do expediente ó órgano competente, conformado polo Xefe de Servizo e polo Concelleiro da Área de Promoción Económica e Emprego.

Unha vez completado o expediente remitirase á Xunta de Goberno Local, que será o órgano competente para resolver sobre a cualificación de “proxecto PEIM”.

Artigo 8º - Solicitud de cualificación e documentación

As solicitudes de cualificación como “proxectos PEIM”, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999.

As solicitudes dirixiranse á Área de Promoción Económica e Emprego, no modelo normalizado que se achega como Anexo I e deberán ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):

Documentación xeral:

- a) Memoria explicativa da viabilidade técnica, económica e financeira do proxecto empresarial, segundo o modelo de plan de empresa do Servizo de Promoción Económica e Emprego asinada.
- b) Xustificante acreditativo de ser ou haber sido colectivo beneficiario dalgún dos proxectos especificados no artigo 3, expedido polo órgano competente.
- c) Certificado de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social coa Consellería de Facenda e a AEAT (Agencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos os socios.
- d) Declaración de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- e) Declaración expresa de aceptación das actuacións de comprobación do Concello de Vigo que acorde a Comisión de Valoración e Seguimento
- f) Certificados ou calquera documento que o/a solicitante estime oportuno para a súa avaliación.
- g) Declaración xurada das axudas solicitadas ou percibidas e das que se van a solicitar para esta actividade en concreto

Documentación específica:

- a) No caso dunha empresa de nova creación:
 - DNI e curriculum vitae dos promotores do proxecto
 - Certificado dos períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego (SPE) , e informe da vida laboral.
 - Declaración do/s promotor/es da empresa de non ter iniciado a actividade empresarial, só no caso de empresas de nova creación.
 - Declaración xurada do compromiso de contratación estable no caso de contratacións posteriores.

- b) No caso de empresas xa constituídas:
 - CIF da empresa e/ou NIF no caso de empresarios individuais ou comunidades de bens.
 - NIF e poder suficiente para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude
 - Alta no IAE

- Escritura de constitución da empresa e no seu caso copia do contrato de constitución (Comunidades de Bens ou sociedades civís)
- No caso de persoal contratado:
 - DNI do persoal
 - Alta na Seguridade Social do persoal contratado
 - Contrato/s de traballo debidamente rexistrado/s na Oficina do Servizo Público de Emprego
 - Declaración xurada do compromiso de contratación estable no caso de contratacións posteriores.
- Experiencia e coñecementos da nova actividade a desenvolver.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que resulte esixible, requiriránse ás persoas interesada/s para que no prazo de 10 días subsane a falta ou aporte os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera, se lle terá por desistido da súa solicitude, arquivándose esta previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O Concello, cando o estime necesario, poderá solicitar calquera outra documentación para obter ditas bonificacións.

Artigo 9ª.- Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas ó serán aos efectos de comprobar a concurrencia dos requisitos necesarios para obter as ditas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a Área de Promoción Económica e Emprego.

Artigo 10ª- Resolución e recurso administrativo

A competencia para coñecer e resolver sobre as solicitudes de cualificación de “proxectos PEIM” correspóndelle á Comisión de Goberno municipal.

O prazo para resolver será de tres meses e empezarán a computarse desde a data de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ou ben por calquera outro medio segundo se contempla no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Contra a resolución que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición con carácter potestativo no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da recepción da notificación do acordo, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses dende o día seguinte ó da recepción da notificación.

28(328).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.10 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.